



CERTIFICADO COVID

PARA O ACOMPAÑAMENTO/VISITA NAS UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN

Para o acompañamento ou a visita a pacientes ingresados será necesario o **CERTIFICADO COVID**. Este certificado xustifica atoparse **nalgún** destes supostos:

- 1.º **Pauta completa de vacunación contra a covid-19.**
- 2.º **Recuperación dunha infección pola covid-19** nos últimos 6 meses.
- 3.º **Proba diagnóstica negativa** realizada. No caso da PCR, nas últimas 72 h e, no caso dun test de antíxenos, nas últimas 48 h.

Se non dispón do certificado pero si cumpre con algún destes supostos, **poderá obtelo** a través da plataforma E-saúde ou da aplicación Sergas Móbil.

Se non cumpre con algún destes tres requisitos, soamente se permitirá o acompañamento ou a visita **se realiza unha proba diagnóstica** da covid-19 e esta resulta negativa.